

Un total de 164 exemplares de vacún frisón de España e Portugal, inscritos nos concursos morfolóxicos da feira Abanca Cimag-GandAgro

- ESTAS CITAS, A XXVIII AUTONÓMICA E A XXXV INTERNACIONAL, LEVARANSE A CABO NA ÚLTIMA XORNADA DO CERTAME, O 23 DE FEBREIRO
- DESTACA A INCOPORACIÓN DE ANIMAIS CATALÁNS, QUE NON PARTICIPABAN DENDE 2012, E ASTURIANOS, QUE NON O FACÍAN DENDE 2015
- ORGANIZADO POLA FEDERACIÓN FRISONA GALEGA (FEFRIGA) COA COLABORACIÓN DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE, O PROGRAMA DESTA RAZA TAMÉN CONTARÁ O DÍA 22 COS CONCURSOS DE XÓVENES MANEXADORES E DE PREPARADORES DE GANDO

Silleda, 24 de xaneiro de 2019.- Un total de 164 exemplares de vacún frisón de alta calidade xenética procedentes de distintos puntos de España e Portugal están inscritos nos concursos morfolóxicos desta raza na III Feira Profesional de Maquinaria, Agricultura e Gandería, Abanca Cimag-GandAgro 2019. Esta celebrarase do 21 ao 23 de febreiro no recinto Feira Internacional de Galicia ABANCA (Silleda, Pontevedra).

O XXVIII Concurso Autonómico da Raza Frisoa FEFRIGA'19, ao que concorrerán os exemplares máis destacados en Galicia, rexistra 84 reses. Delas 31 proceden da provincia de Lugo, 24 de A Coruña e 29 de Pontevedra.

Pola súa banda, o XXXV Open Internacional da Raza Frisoa GandAgro'19 converterase unha vez máis en punto de encontro da mellor cabana bovina. Conta coa inscrición, ademais dos 84 exemplares galegos do Concurso Autonómico, doutros 37 de Cantabria, 10 de Asturias, 14 de Cataluña e 19 de Portugal. Suman así 164 animais inscritos, cifra que realmente será menor durante os concursos por motivos diversos que soen facer que algúns exemplares non podan participar.

Na inscrición deste ano destaca a presenza de animais asturianos, que non participaban dende o ano 2015, e cataláns, que non estaban presentes dende 2012.

Premios

Os galardóns que se concederán nesta edición dos concursos serán Campioa de Galicia e Campioa Internacional (en función do concurso) nas categorías de becerra, xovenca, vaca xoven, vaca intermedia e vaca adulta; e tamén Gran Campioa de Galicia e Gran Campioa Internacional nas de xovenca e vaca. Ademais recoñecerase ao Mellor Criador de Galicia, Mellor Criador Internacional e Mellor Gandería de Nova Participación. Como novidade, nesta edición premiarase por primeira vez ao Mellor Criador de Xovencas tanto no Autonómico como no Internacional.

En canto aos galardóns á xovenca e á vaca Gran Campioa de Galicia, e tamén ao Mellor Criador de Galicia e ao Mellor Criador de Xovencas, serán patrocinados por XENÉTICA FONTAO. Pola súa banda, o premio á vaca Gran Campioa Internacional

estará patrocinado por ABANCA, mentres que o de xovenca Gran Campioa Internacional estaraó pola firma de seguros UCOGA. O de Mellor Criador Internacional contará co patrocinio da cooperativa DELAGRO e o de Mellor Gandería de Nova Participación co de SILVET VETERINARIA.

Organizados pola Federación Frisona Galega (FEFRIGA) coa colaboración da Fundación Semana Verde de Galicia, estes concursos celebraranse o día 23 de febreiro e serán xulgados polo italiano Giuseppe Beltramino, xuíz internacional cunha ampla experiencia nestas competicións.

Por outra banda, estas citas morfolóxicas contarán previamente á súa celebración con controis sanitarios de todas as reses participantes, realizados tanto polas Asociacións de Defensa Sanitaria (ADS) correspondentes a cada zona como polos servizos oficiais da Consellería do Medio Rural.

Xóvenes manexadores e preparadores

Ademais destas prestixiosas competicións, en Abanca Cimago-GandAgro 2019 celebrarase, tamén centrado na raza frisona e da man de FEFRIGA, o XXXIV Concurso Internacional de Xóvenes Manexadores “Memorial Luís Louzao”, no cal o día 22 de febreiro os gandeiros máis novos demostrarán a súa habilidade na presentación en pista dos animais. A compañía de seguros MAPFRE patrocinará esta competición.

Por outra banda, o mesmo día, engadirase o XI Concurso Internacional de Xóvenes Preparadores de Gando GandAgro’19, patrocinado por DELAGRO, no que os participantes amosarán as súas destrezas preparando aos animais para logo presentalos.